



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE

XANEIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día trinta de xaneiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 23 de xaneiro de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2011 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Convocatorias de propostas conforme ao programa anual de traballo de 2011 con vistas á concesión de subvencións no ámbito da Rede transeuropea de transporte (RTE-T) para o período 2007-2013. (Diario Oficial da Unión Europea, de data do día 10 de xaneiro de 2012).

- Resolución de 10 de xaneiro de 2012, do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociais e Igualdad, do Instituto de la Juventud, pola que se convoca a concesión de axudas para a

realización de actividades financiadas pola Comisión Europea no marco do programa de acción comunitario “La Juventud en acción”. (Boletín Oficial do Estado número 9, de data 11 de xaneiro de 2012).

- Convocatoria de propostas EAC/01/12- Programa “La Juventud en Acción 2007-2013”. (Diario Oficial da Unión Europea, de data do día 22 de decembro de 2011).

- Convocatoria de propostas 2011-Programa “Europa cos cidadáns” (2007-2013). Execución das accións do programa: cidadáns activos con Europa, unha sociedade civil activa en Europa e memoria histórica activa de Europa. (Diario Oficial da Unión Europea, de data do día 14 de decembro de 2011).

- Orde do 31 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 15, de data do día 23 de xaneiro de 2012).

- Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería. (Diario Oficial de Galicia número 17, de data do día 25 de xaneiro de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que á vista da convocatoria de subvencións para orientador laboral, volverase a solicitar a subvención.

A seguir, informa que hoxe comezaron no Centro de formación a décimo segunda convocatoria dos cursos municipais. Así mesmo, manifesta que esta semana se enviará unha comunicación ás empresas para que se poidan dar de alta na páxina web municipal de promoción empresarial.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Para rematar, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o venres se entregaron os premios do “Rasca e gana”.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que o martes estivo en Abegondo polo tema da biosfera e apuntaronse tamén o Concello de Curtis e Sobrado.

A seguir, informa que lles entregaron un modelo de moción institucional para a proposta de incluír ao Concello de Cambre na Reserva da Biosfera.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que ten un informe deste ano da empresa Orto, respecto da poda das árbores do campo da feira. Podaron as árbores, pero no informe o que se propón é quitalos e, isto xa se propoñía nun informe que presentou a empresa Orto no ano 2000. A continuación, comenta os problemas que dan este tipo de árbores, cre que se deberían plantar árbores autóctanas e di que na Barcala e no Temple están a estragar as beirarrúas.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que a semana pasada persoal do departamento de Servizos Sociais tiveron unha reunión co Consorcio das Mariñas e comentaron que todos os traballadores sociais que acompañan aos usuarios teñen un seguro, e propón que se contrate este seguro para que estean cubertos.

Para rematar, informa que esta semana un carpinteiro está a amañar os mobles da escola “Galiña Azul”, os cales tiñan informes desfavorables, pero quedaron alí. Solicitou un orzamento para poñer cantoneiras de caucho a todos os mobles.


Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o martes día 24 houbo unha reunión no Consorcio das Mariñas para, como dixeron, facer unha tormenta de ideas, e estableceuse para o día 14 de febreiro unha reunión entre técnicos, sen a presenza da parte política, para que propoñan ideas e logo se estudará.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que unha vez aprobados os orzamentos, se iniciarán os expedientes de contratación da conserxería e mantemento nos campos de fútbol do Dani Mallo e Lendoiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



Maria Luisa de la Red Ampudia